

Andares *por* Galicia

Obxectivos:

- Descubrir as características máis importantes a nivel natural, social e cultural das zonas que visitemos e xerar conciencia de coidado e protección do patrimonio natural e cultural.
- Promover a convivencia e a socialización do grupo de participantes nun ambiente aberto e favorecer hábitos saudables de ocio no medio natural.

Características das saídas:

- Todas as saídas contarán con 2 monitores/as especializados/as e están dirixidas a persoas maiores de idade.
- Ofértanse 40 prazas para cada unha das saídas, cun prezo público de 22 euros e con preferencia para persoas empadroadas no Concello de Oleiros.
- Todas as saídas terán saída prevista de Oleiros sobre as 8.00 da mañá e volta a última hora da tarde.
- O xantar e as bebidas das persoas participantes do conxunto das actividades correrán pola conta de cada quen.
- As datas previstas inicialmente poderán sufrir algunha variación ao longo do desenvolvemento do programa e as distintas saídas poderán ser anuladas individualmente por circunstancias debidamente xustificadas.
- Recoméndase roupa axeitada e cómoda e calzado específico para a actividade de sendeirismo, auga, gorro ou gorra, crema solar, bastón/s (opcional), e froita ou froito secos para levar na mochila durante a ruta.

Información e inscricións no Departamento de Cultura

A Fábrica. Rúa do Inglés, nº 13 – 15172. Perillo (Oleiros)

Tel.: 981 636 598 - 981 610 000 Ext.: 4915 e 4916

r.caparros@oleiros.org - cultura@oleiros.org

Andares *por* Galicia

A cultura da natureza • 2020

Saídas e rutas culturais pola nosa comunidade autónoma co fin de dar a coñecer, protexer e revalorizar a natureza e a nosa contorna como patrimonio cultural.



Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e Normalización Lingüística

RUTA POLA RIBEIRA SACRA DO MIÑO E ENTROIDO RIBEIRAO

- **Domingo, 16 de febreiro** de 2020
- Distancia ao punto de inicio desde Oleiros: 130 km
- Punto inicio: Belesar (Chantada)/ Punto final: S. Estevo Ribas de Miño (Saviñao)
- Lonxitude: 10 km. • Dificultade: media – baixa
- Ruta pola mañá e visita ao Entroido Ribeirao pola tarde

PUNTOS DE INTERESE:

Entroido Ribeirao de Chantada (Santiago de Riba); PRG-162. Ruta da Ribeira Sacra do Miño; PRG -183. Ruta dos Viñedos de Belesar; Río Miño, aldea e ponte de Belesar; Viñedos da Ribeira do Miño (DO) Ribeira Sacra; Paisaxe de socalcos e soutos de castiñeiros; Igrexa románica de San Paio de Diamondi; Aldeas de Montecelo, Piñeiros e Galegos; Igrexa románica de Santo Estevo de Ribas de Miño; Casco histórico de Chantada; Esgrafiados da Ribeira Sacra.

VISITA CULTURAL:

- **Entroido Ribeirao de Chantada**



RUTA DOS CANTÍS DE LOIBA EN ORTIGUEIRA

- **Sábado, 28 de marzo** de 2020
- Distancia ao punto de inicio desde Oleiros: 95 km
- Punto inicio: porto de Ladrado / Punto final: praia de Esteiro (O Barqueiro)
- Lonxitude aproximada: 20 km. • Dificultade: media-baixa

PUNTOS DE INTERESE:

Ría de Ortigueira e Ladrado: ZEPA e IBA. Zona húmida de importancia internacional (Ramsar); Formacións xeolóxicas de interese: ría e cantís; ZEC Estaca de Bares: zona de paso e avistamento de aves migratorias mariñas máis importante da península; Formacións costeiras; Ocupación do territorio ao longo da historia (Castro de Punta de Prados); Ría de Ortigueira-Ladrado, porto de Ladrado e porto de Espasante; Vixía e garita de control marítimo; Praia sen acceso andando: O Sarridal; Pedra O Carro, O Picón e praia de Esteiro.

VISITA CULTURAL:

- **Faro de Estaca de Bares**



RUTA POLAS FRAGAS DO EUME: DE FONTARDIÓN Á CAPELA

- **Sábado, 25 de abril** de 2020
- Distancia ao punto de inicio desde Oleiros: 52 km
- Punto inicio: O Galle / Punto final: As Neves (A Capela)
- Lonxitude: 13 km. • Dificultade: media

PUNTOS DE INTERESE:

Monte Fontardián: gando libre; Matogueira: importancia ecolóxica; Parque Natural das Fragas de Eume: Canón do Eume e río Eume; Bosques atlánticos e Encoro do Eume; Central da Ventureira e minicentral de San Bartolomeu; Ponte de Santa Cristina; Mosteiro de Caaveiro; Muíños e ponte de Sesín ; Aldea do Pazo; Museo etnográfico.

VISITA CULTURAL:

- **Museo etnográfico da Capela (O Pazo)**



RUTA DA SERRA DO BARBANZA: DE CASTELO DE VITRES Á CUROTA

- **Sábado, 30 de maio** de 2020
- Distancia ao punto de inicio desde Oleiros: 120 km
- Punto inicio: Brazos (Boiro) / Punto final: A Curota (A Pobra)
- Lonxitude: 16,5 km. • Dificultade: media-alta

PUNTOS DE INTERESE:

Río Coroño: pasais do río; Aldeas a pé de monte: Mosquete; Calzada empedrada ao Castelo de Vitres; Castelo de Vitres (ruínas); Río Barbanza e Serra do Barbanza; Megalitismo: Casarota do Fusiño, Arca do Barbanza. . . ; Ponte da Portela; Brañas e paisaxe da serra; Gando libre: vacas e cabalos ; Curro e rapa das bestas; Os Forcados; Miradoiro da Curota.

VISITA CULTURAL: • Centro Arqueolóxico do Barbanza (Castro Neixón – Boiro)



RUTA DE SOBRADO DOS MONXES Á FERVENZA DAS BRAÑAS POLA SERRA DO CAREÓN

- **Sábado, 20 de xuño** de 2020
- Distancia ao punto de inicio desde Oleiros: 70 km
- Punto inicio: Mosteiro de Sobrado dos Monxes (Sobrado dos Monxes) / Punto final: Souto (Toques)
- Lonxitude aproximada: 19 km • Dificultade: media

PUNTOS DE INTERESE:

ZEC Serra do Careón; Mosteiro de Sobrado dos Monxes; Lagoa de Sobrado dos Monxes; Árbores senlleiras da Casa do Gado; Dolmen de Forno dos Mouros; Pedra da Moura; Fervenzas de Brañas no Río Furelos; Muíños de regato; PRG 166 e PRG 168, en Toques.

VISITA CULTURAL: • Mosteiro de Sobrado dos Monxes



RUTA DE LARIÑO A MUROS POR MONTE LOURO E LAGOA DE XERFAS

- **Sábado, 26 de setembro** de 2020
- Distancia ao punto de inicio desde Oleiros: 100 km
- Punto inicio: faro de Lariño /Punto final: vila de Muros
- Lonxitude aproximada: 19 km. • Dificultade: media

PUNTOS DE INTERESE:

Monte e Lagoa de Louro (ZEC); Praias de Anoradoiro e Area Maior; Faros de Punta Queixal (Louro) e Punta Insua (Lariño); Monte Louro (lendas); Lagoa de Xerfas (observación de aves); Petróglifos de Louro: Laxe das Rodas; Vila mariñeira de Muros: conxunto histórico artístico.

VISITA CULTURAL: • Muíño de Mareas do Pozo de Cachón (Muros)



RUTA CIRCULAR DO CASTRO DE DOADE EN LALÍN

- **Sábado, 24 de outubro** de 2020
- Distancia ao punto de inicio desde Oleiros: 125 km
- Punto inicio: Codeseda (Lalín) / Punto final: Codeseda (Lalín)
- Lonxitude aproximada: 20 km • Dificultade: media-baixa

PUNTOS DE INTERESE:

Ruta homologada PRG-210; Castro de Doade; Muíño de Froiz; Igrexa Románica de San Xoán de Vilanova; Carballo de Soutolongo (árbore senlleira) ; Área Recreativa de Mouriscade ; Monumento Natural Fraga de Catasós (fóra de ruta).

VISITA CULTURAL: • Museo Etnográfico Casa do Patrón

